




CON CRITERIO LECTOR E OLLADA

ADOLESCENTE: ASÍ ESCOLLEMOS QUE LER

RAMÓN VILLAR PROL
CARLOS PÉREZ SEARA





NIVEL 1: INTRODUCCIÓN

“Os tempos pasados foron mellores... porque eran os nosos.”

Pero os tempos do noso alumnado son agora. E se queremos que lean, temos que aprender a ler con eles.





A nosa biblioteca escolar:

Nome: **José Ángel Valente**

Espazo de encontro, lectura e creación

Integrada no proxecto do centro desde 2008

O club de lectura "Lectoresdodoce":

En funcionamento dende o curso 2008-2009

Coordinado por profesorado de distintos departamentos

Este curso: 85 participantes activos

Club de lectura de adultos: familias e profesorado





Setenta alumnos do IES 12 de Outubro de Ourense participan no club de lectura deste centro do barrio da Ponte . | Iñaki Osorio

J. FRAIZ
Ourense

«Con cada libro que les aprendes algo novo»

No IES 12 de Outubro, os rapaces do club de lectura len 20 minutos ao día na aula: «Mellora a competencia lingüística, a cohesión grupal e a empatía»



Carlos Seara, responsable da biblioteca, e Ramón V. Prol, coordinador do club de lectura. | I. Osorio

A biblioteca do instituto 12 de Outubro de Ourense medra de continuo como a imaxinación dos rapaces cando se achegan ás historias dos libros. Entre as capas do papel collen realidades infinitas. A semente da lectura agroma na infancia e, se o hábito se mantén, e se o contacto coas páxinas se vive con divertimento, dá froitos vizosos na adolescencia, unha das etapas de formación máis importantes. A biblioteca que coordina Carlos Seara compila máis 13.000 títulos. No decurso do ano académico, fanse entre 1.300 e 1.500 préstamos de volumes neste instituto da Ponte, onde estudan uns 300 rapaces.

«Un libro te dá máis oportunidades, te ensina, vives una aventura como si tú estuvieras dentro», expresa con entusiasmo Laura, alumna de Segundo da ESO, unha dos setenta estudantes inscritos no club de lectura do 12. «La lectura te ensina cómo ser mejor, te aporta valores. A nuestras edades, leer es muy importante; fomenta que estudiemos y no estemos todo el tiempo pegados a las pantallas». Esta alumna destaca que «con cada libro que lees aprendes algo nuevo. A nivel académico, la lectura te ayuda con las faltas de ortografía y la manera de expresarse».

«A resposta do alumnado é fantástica, o club de lectura vai a

máis cada ano», valora Carlos Seara. Os rapaces que participan non teñen que mercar o exemplar, que adquiere e facilita a biblioteca do centro. É unha iniciativa que forma e mellora as competencias lingüísticas, «pero ademais é fundamental no aspecto emocional, porque crea grupo entre os rapaces, mellora a cohesión, a empatía e as relacións, que se fan máis di-

námicas e cercanas, entre o alumnado e co profesor», salienta o responsable da biblioteca escolar. «Estar no club de lectura é unha oportunidade para ler máis», di Hugo, outro dos estudantes que participa. «Tener que estudiar a veces nos impide leer, porque lo aplazas. En el club podemos conocer más libros y géneros», opina Joana. «Te ayuda a desconectar. Si

estás estudiando y haces un parón para leer, después te concentras más», afirma Sara. Compartir con outros compañeiros as impresións sobre un mesmo texto serve para entender «puntos de vista diferentes, ver que tu opinión no es la única y que hay otra manera de ver los libros», expón esta rapaza. Os alumnos que participan na iniciativa dispoñen de vinte minu-

reparte, polo acordo en fesoires, en horas lectivas e en distintas materias. «Unha semana le á primeira hora, a seguinte á segunda, e así sucesivamente», explica Ramón V. Prol, o coordinador do club de lectura do 12 de Outubro.

«O fin é que desfruten lendo»

«A mellora da competencia e comprensión lectora beneficia a todas as materias. É un xeito de desconexión de vinte minutos todos os días por medio dunha actividade con efectos positivos a nivel académico e tamén persoal», salienta este docente. «Os profesores e profesoras implicados co club propoñemos lecturas pero estamos pendentes dos intereses que teñen os estudantes, para que conecten cos libros. O fin último é que desfruten lendo», expón Prol.

Teñen acceso a títulos en castelán e en galego, e a xéneros diversos: novela gráfica, ciencia ficción, fantasía, drama adolescente... «O obxectivo é que vexan a lectura como un proceso natural», valora Carlos. O efecto de iniciativas culturais como o club, ou a Radio Canelo —a emisora do centro—, cala entre o alumnado.

Malia que a participación no grupo lector descende a medida que sobe o nivel educativo, debido á carga lectiva e á maior esixencia académica en Bacharelato, «ao fomentar o gusto pola lectura, cando medran van tendo o seu propio criterio e escollen eles o que queren ler. Proba disto é que en Terceiro e en Cuarto da ESO non baixa o número de préstamos, e ademais a maioría son de lecturas non obrigatorias no centro», conta Ramón.

«Para eles, traballar con algo físico resúltalles motivador, estimúlense máis que coa pantalla, que forma parte dunha porcentaxe alta do seu tempo», opina este profesor. «Nos recreos hai tantos alumnos na biblioteca como na cafetería, o que dá idea do bo funcionamento do servizo de préstamo», engade. Traballa en contacto estreito co equipo de dinamización lingüística. «As actividades axudan a frear e combatir a perda de galegofalantes entre a xente moza. A lingua de socialización adoita ser o castelán. No positivo, non vemos prexuízos cara a lingua galega entre o alumnado, que sabe que é un idioma de cultura e con posibilidades para a transmisión de calquera coñecemento», di Prol.

Ao final de curso, os alumnos do club fan un roteiro cultural. O ano pasado estiveron en San Simón. O 12 de Outubro...

O BICHERO
Luis Davila

OS COCIDOS DO DOMINGO PARA EL SON UNHA RELIXIÓN!

VEÑÁ!!

TODOS Á MESA QUE VAI EMPEZAR A MISA!!





NIVEL 2: CRITERIOS DE ESCOLLA E PENSAMENTO CRÍTICO

Escoller libros... sen repetir a historia de sempre

- Non escollemos para nós, escoitamos ao alumnado
- Ler dende hoxe, non dende a nostalxia docente
- A lectura constrúe criterio, non dogmas

- Vivimos na época da infoxicação:

Necesitamos lectores que recoñezan o que é ciencia, o que é ficción e o que é manipulación





O galego debe emocionar, non obrigar

- Apostamos pola lectura en galego
- Non por obrigación, senón por calidade e conexión emocional

- As boas historias poden estar en galego:

só hai que saber escoitalas e ofrecelas no momento axeitado

- Non hai límites: hai un equilibrio entre castelán e galego, e estamos a valorar incluír o portugués o vindeiro curso.






NIVEL 3: ORGANIZACIÓN E ITINERARIOS LECTORES

Un club de lectura non se improvisa

- 8 grupos activos: 2 por curso da ESO
- Reunións dúas veces por trimestre na hora de lecer
- Coordinación transversal: profesorado de varios departamentos
- Cada grupo guiado por profes que imparten clase nese nivel



conexión directa co grupo → mellor vínculo lector





Ler para medrar, soltar para continuar

- 1º ESO: forte implicación inicial → sementamos hábito lector
- 2º e 3º ESO: fidelización e autonomía crescente
- 4º ESO / Bach: menor participación formal, lectores máis independentes
- Seguemento a través de debates, blog, redes, recomendacións orais
- Obxectivo: que creen criterio propio e non dependan de nós






NIVEL 4: MEDIACIÓN LECTORA: RADIO, FICCIÓN, XOGO E ESCRITA

Ler como quen vive unha aventura: Gamificación e lectura

- Alumnado de 1º ESO convertido en duendes ao servizo dun vello mago
- Narrativa fantástica: cada tema → unha misión
- A lectura e a historia integradas na aula
- Creatividade e compromiso lector fóra do convencional
- Lectura que se experimenta, non só se interpreta





Crear tamén é ler

- **Fan fiction:** finais alternativos a libros que xa lles gustan
- **Proxecto de escritura creativa/novela histórica:**
Contos da Idade Antiga → ambientada en Grecia
- **Concursos de microrrelatos.**

Actividades que mesturan lectura, imaxinación e reflexión histórica

O club de lectura tamén pode ser un taller de narradoras e





Podcast, entrevistas e voces lectoras

- Radio escolar como espazo de creación vinculada á lectura
- Podcast literarios, entrevistas con autores/as
- Actividade co escritor Pedro Feijoo: club + radio escolar
- A oralidade como prolongación da lectura





FARO DE VIGO

DIARIO DECAÑO DE LA PRENSA NACIONAL

www.farodevigo.es

Precio: 1,40 € Año: 172 Núm: 61.177

OURENSE

Sábado, 8 de marzo de 2025 Director: Regilio Garrido

El precio de los pisos en Galicia tan alto como en los tiempos de la burbuja

La vivienda se encareció durante el pasado año en un 7,4% | El coste en el último trimestre de 2024 se aceleró en la comunidad gallega por encima del 10% • Pág. 43



Las ondas como herramienta escolar

El «Obradoiro» radiofónico cautiva a estudiantes del IES 12 de Outubro ourensano • Pág. 3

Los ourensanos son los gallegos que más tiempo esperan por la consulta de un especialista

• Pág. 2 y 20

El Gobierno apunta al Constitucional para frenar la repotenciación de parques eólicos

• Pág. 44

GALICIA

Rueda «ficha» en Argentina mano de obra para sectores estratégicos • Pág. 24

MAR

Profand marca un hito en la pesca con un barco de 40 millones • Pág. 49

ATLETISMO

Ana Peleteiro, campeona de Europa

• Pág. 53







Entre adultas: con Juan Tallón





NIVEL 5: LECTURAS QUE FUNCIONAN






NIVEL RECOMENDADO: 1º ESO

1. Perigo vexetal

Autor: Ramón Caride

Reseña:

Ciencia ficción ecolóxica protagonizada por un robot con conciencia. A historia mestura aventura, crítica ambiental e reflexión sobre o futuro. Ideal para iniciar o alumnado na lectura comprometida.





NIVEL RECOMENDADO: 1º ESO

2. Omnia

Autora: Laura Gallego

Reseña:

Nun mundo gobernado polo consumo e a tecnoloxía, un rapaz busca un xoguete perdido e acaba atrapado nunha megacorporación imposible. Unha historia dinámica, divertida e cunha mensaxe crítica que lles encanta.





NIVEL RECOMENDADO: 1º ESO

3. O neno de lume

Autora: Leticia Costas

Reseña:

Relato emocionante sobre un rapaz que oculta un misterio e unha dor profunda. Cun ton poético e misterioso, fala da perda, da familia e da aceptación. Lectura que impacta e fai reflexionar.






NIVEL RECOMENDADO: 1º ESO

4. Maxia de pedra

Autora: Alba De Evan e Xabier Domínguez

Reseña:

Fantasia contemporánea protagonizada por unha moza con poderes especiais. A autora é nova e próxima ao público adolescente, o que fai que a historia conecte moi ben. Ritmo áxil e boa dose de maxia.





 **NIVEL RECOMENDADO: 2º ESO**

1. A cidade do átomo

Autora: Iria Misa

Reseña:

Historia ambientada na cercanía de Chernobyl. Unha protagonista adolescente enfróntase á memoria, á identidade e ao pasado familiar. Un libro que equilibra misterio, emoción e contexto histórico.





NIVEL RECOMENDADO: 2º ESO

2. Stranger Things: Elige tu aventura

Varios autores/as

📖 Reseña:

Libros interactivos ambientados no universo de Stranger Things, nos que podes tomar decisións como parte da pandilla de Hawkins. Aventura, suspense e múltiples finais posibles. Ideal para lectores visuais ou pouco habituais, e para enganchar a quen xa coñece a serie.






NIVEL RECOMENDADO: 2º ESO

3. Wynd. Libro uno: La huida del príncipe

Autores: James Tynion IV (guión) e Michael Dialynas (ilustración)

Reseña:

Novela gráfica con ambientación fantástica, protagonizada por un rapaz con poderes ocultos. Acción trepidante, identidade e fuxida como temas centrais. Gran formato visual, moi atractiva para lectores pouco habituais.





NIVEL RECOMENDADO: 2º ESO

4. Arte

Autora: Kei Ohkubo

Reseña:

Florença, século XVI. Arte é unha moza nobre que renuncia ao seu destino como esposa para converterse en pintora. Manga de época que mestura arte, feminismo e superación persoal. Estéticamente fermoso, con forte impacto entre lectoras novas.





NIVEL RECOMENDADO: 3º ESO

■ La nieta del señor Linh

Autor: Philippe Claudel

📖 Reseña:

O señor Linh chega a un país descoñecido fuxindo da guerra coa súa neta, Sang Diu, o único que lle queda. Sen saber o idioma, atopa consolo na amizade silenciosa cun home viúvo. Unha historia sobre o exilio, a perda e a tenrura, contada cunha sensibilidade que deixa pegada en quen le.



PHILIPPE
CLAUDEL

*La nieta
del señor Linh*




NIVEL RECOMENDADO: 3º ESO

2. La edad de la ira

Autor: Nando López

Reseña:

Novela que aborda o conflito entre identidade e violencia no contexto dun instituto. Personaxes próximos, dilemas reais e unha estrutura que mestura testemuños. Impacta pola súa crudeza e humanidade.





NIVEL RECOMENDADO: 3º ESO

3. La tumba de las luciérnagas

Autor: Akiyuki Nosaka

Reseña:

Relato devastador sobre dous irmáns que intentan sobrevivir ao final da II Guerra Mundial en Xapón. Curto, poético e demoledor. Unha lectura que non deixa indiferente.

Akiyuki Nosaka

La tumba de las luciérnagas

Las algas americanas

(Dos novelas breves)

TRADUCCIÓN DE L. PORTA Y J. MATSUURA





NIVEL RECOMENDADO: 3º ESO

O señor Ibrahim e as flores do Corán

Autor: Éric-Emmanuel Schmitt

Reseña:

No París dos anos 60, Momo, un adolescente xudeu e desorientado, atopa comprensión e afecto en Ibrahim, un tendeiro musulmán de espírito sereno. A súa amizade, inesperada e fonda, convértese nunha lección de tolerancia, sabedoría e humanidade. Un relato iniciático breve e luminoso que invita ao respecto mutuo entre culturas.





NIVEL RECOMENDADO: 4º ESO

1. El abismo del olvido

Autor: Paco Roca (guión) e Rodrigo Terrasa (texto xornalístico)

Reseña:

Cómic xornalístico baseado na vida real de Ascensión Mendieta, que loitou por recuperar os restos do seu pai fusilado durante o franquismo. Unha obra potente e necesaria sobre a memoria histórica e a dignidade.





NIVEL RECOMENDADO: 4º ESO


2. Palestina

Autor: Joe Sacco

Reseña:

Novela gráfica de non ficción que retrata, con gran detalle humano, o conflito palestino-israelí.

Mestura testemuño, denuncia e reflexión. Intensa e desafiante: perfecta para alumnado maduro e comprometido.



PALESTINA

JOE SACCO



NIVEL RECOMENDADO: 4º ESO

🟡 Romeo y/o Julieta

Autor: Ryan North

Ilustracións: Varios artistas

📖 Reseña:

Unha versión interactiva e chea de humor de Romeo e Xulieta, con máis de cen finais posibles e ilustracións de múltiples artistas. Podes vivir a historia desde o punto de vista de Romeo, de Julieta... ¡ou incluso de ambos! Traxes robóticos, narradores desbloqueables e opcións absurdas fan desta lectura un xogo literario ideal para lectores





NIVEL RECOMENDADO: 4º ESO

4. Heartstopper (vol. 1)

Autor: Alice Oseman

Reseña:

Cómic que conta a historia de dous rapaces que se coñecen e namoran nun instituto británico. Doce, natural e moi próximo ao universo emocional adolescente. Unha das lecturas que máis lectoras e lectores novos atrae.



NIVEL 6: PECHE: LER CON ELES, HOXE

“O noso mundo quedou atrás. Se queremos ser profesores que marcan, temos que avanzar con eles.”





SEGENOS



bibliodoce



histogamer._o_profe_de_8_bits





Desacarga esta presentación





NIVEL PRO: ANEXOS





NIVEL RECOMENDADO: 1º ESO

Donde los árboles cantan

Autora: Laura Gallego

Reseña:

Viana, filla dun duque e prometida desde nena, ve como a guerra cambia o seu destino. Mentres agarda o regreso dos homes, empeza a interesarse polas lendas do Gran Bosque, un lugar misterioso onde todo parece posible. Unha novela de iniciación e fantasía que fala de liberdade, coraxe e transformación persoal.





NIVEL RECOMENDADO: 1º ESO

Xoeliqui

Autor: Abraham Carreiro

Reseña:

Saga en galego con gran sentido do humor e espírito gamberro. Xoeliki é un rapaz peculiar que nos guía polo seu universo delirante. Ambientado no mundo dos videoxogos e a informática, atrae moito aos lectores e lectoras preadolescentes.





NIVEL RECOMENDADO: 1º ESO

Los niños de cristal

Autora: Kristina Ohlsson

Reseña:

Billie, tras a morte do seu pai, muda con súa nai a unha casa onde suceden cousas estrañas: golpes na fiestra, obxectos que se moven sós e misteriosas figuras de cristal. Coa axuda de Aladin e Simona, intentará descubrir o segredo que agocha o pasado da vivenda. Unha historia de misterio e suspense perfecta para primeiros lectores de intriga.





NIVEL RECOMENDADO: 1º ESO

O día que choveu do revés

Autora: María Canosa

Reseña:

Nun mundo onde o sol seca sen descanso e as
nubes entran en folga por exceso de traballo,
acaba chovendo tanto que a vila de Portoseco
queda asolagada. Un conto imaxinativo, poético e
cheo de humor que convida a ver a natureza
doutro xeito.






NIVEL RECOMENDADO: 1º ESO

A noite do Risón

Autor: Gonzalo Moure

Reseña:

Nunha vila do Cantábrico, durante unha noite de treboada, un grupo de mariñeiros e personaxes misteriosas comparten historias de naufraxios e mortos. O protagonista, atrapado no bar coa tormenta fóra, vive unha noite chea de medo, memoria e relatos que mesturan realidade e fantasía. Unha novela curta e intensa, perfecta para enganchar con oralidade e suspense.






NIVEL RECOMENDADO: 2º ESO

Recinto gris

Autora: Leticia Costas

Reseña:

Unha moza encerrada nun hospital psiquiátrico narra a súa experiencia cun ton inquietante. Thriller psicolóxico con crítica social. Fascinante para alumnado que xa demanda lecturas máis esixentes e perturbadoras.






NIVEL RECOMENDADO: 2º ESO

Volverán las naranjas

Autora: Xisela López

Reseña:

Novela contada integramente a través de mensaxes de texto. Reflexión sobre as relacións persoais na era dixital. Moderna, rápida de ler e sorprendente no seu desenlace. Ideal para traballar formatos narrativos alternativos.






NIVEL RECOMENDADO: 2º ESO

Mentira

Autora: Care Santos

Reseña:

Xenia é unha estudante brillante que se namora dun rapaz co que só fala por internet. Cando decide descubrir quen é en realidade, atopa unha historia que cambia por completo a súa visión do mundo: a do interno dun centro de menores acusado de asasinato. Unha novela áxil e intensa sobre a verdade, a identidade e os prexuizos.





NIVEL RECOMENDADO: 2º ESO

■ Mamá, quero ser Ziggy Stardust

Autora: Iria Misa

📖 Reseña:

Aíne descobre a súa identidade nunha exposición sobre Ziggy Stardust, o alter ego de David Bowie. Co apoio de Thomas, o seu amigo imaxinario, aprende que pode ser quen queira ser. Unha historia luminosa sobre liberdade, identidade e aceptación, contada cunha voz fresca e emotiva.






NIVEL RECOMENDADO: 3º ESO

■ Ámote Leo A. (vol. 1)

Autora: Rosa Aneiros

📖 Reseña:

Leo decide emprender soa a viaxe que tiña planeado facer cos seus amigos tras a universidade. Durante seis meses, recorre cidades como Lisboa, Marrakech ou Istambul, coñecendo personaxes fascinantes e seguindo a pista dunha misteriosa pintada: Ámote Leo A. Unha historia de descubrimento persoal, independencia e encontros inesperados, contada cun estilo fresco e literario.





NIVEL RECOMENDADO: 3º ESO

■ Paradero desconocido

Autora: Kressmann Taylor

📖 Reseña:

En 1932, dous amigos –un alemán e un xudeu americano– manteñen correspondencia tras separarse. Pero a chegada de Hitler ao poder en Alemaña vai transformando a relación ata límites imprevisibles. Unha novela epistolar breve, contundente e perfecta para abordar o nacemento do nazismo e o poder da palabra.

KATHRINE
KRESSMANN
TAYLOR






NIVEL RECOMENDADO: 3º ESO

O segredo da casa Formoso

Autor: Héctor Cajaraville

Reseña:

David, un mozo galegoamericano, viaxa a Galicia para asinar a venda dunha casa herdada. O que ía ser unha visita rápida convértese nunha inmersión inesperada nunha terra descoñecida, nun pasado familiar marcado pola guerra civil e nun primeiro amor. Unha novela que mestura identidade, memoria e misterio cunha voz próxima.





NIVEL RECOMENDADO: 3º ESO

22 segundos

Autora: Eva Mejuto

Reseña:

Álex decide gravar un blog para visibilizar a súa identidade como mozo transexual. En vinte e dous segundos, o tempo que tarda en subir o vídeo, rompe o silencio dunha vida marcada polo medo e a incompreensión. Un relato en primeira persoa, valente e conmovedor, que axuda a entender e empatizar cunha realidade silenciada durante moito tempo.





NIVEL RECOMENDADO: 3º ESO

Invisible

Autor: Eloy Moreno

Reseña:

Un neno conta, en primeira persoa, como é sentirse invisible: ignorado cando máis precisa axuda e observado cando só quere desaparecer. A historia reconstrúe lentamente, coma un puzle, unha realidade de dor e silencios arredor do acoso escolar. Unha novela conmovedora, directa e necesaria para comprender o que ás veces non se ve.





NIVEL RECOMENDADO: 4º ESO

Golpes de luz

Autora: Leticia Costas



Reseña:

Xulia regresa á casa familiar co seu fillo Sebas, convencido de que a súa avoa Luz é o deus Thor. Para a nai, con todo, a volta significa abrir vellas feridas nun pasado marcado por segredos e narcotráfico. Un melodrama cheo de humor, tenrura e forza, onde se mesturan coidados, memoria e verdade a través de personaxes inesquecibles.





NIVEL RECOMENDADO: 4º ESO


Senlleiras

Autora: Antía Yáñez



Reseña:

Cando unha influencer aparece morta tras subir unha foto cunha man misteriosa, comeza a tecerse unha historia coral de mulleres de distintas épocas unidas pola violencia e o silencio. A novela conxuga thriller e memoria histórica para denunciar as opresións patriarcais que sobreviven ao paso do tempo. Unha lectura comprometida, necesaria e fondamente literaria.





NIVEL RECOMENDADO: 4º ESO

O que sei do silencio

Autora: Andrea Maceiras

Reseña:

Delia abre un blog para contar como participou, en silencio, no acoso a unha compañeira. A través da súa voz e doutras persoas implicadas, reconstrúese unha historia inspirada nun caso real que afonda na culpa, a manipulación e a covardía. Unha novela dura, necesaria e valente que convida á reflexión sobre o poder do silencio.

O que sei do silencio

Andrea Maceiras






NIVEL RECOMENDADO: 4º ESO

Fahrenheit 451

Autor: Ray Bradbury

Reseña:

Nun futuro no que ler está prohibido, Montag traballa como bombeiro queimando libros. Pero unha serie de encontros e lecturas clandestinas abren nel a dúbida: obedecer ou rebelarse. Unha distopía clásica adaptada como **novela gráfica** sobre o perigo do conformismo e a censura, que segue sendo estremecedoramente actual.





NIVEL RECOMENDADO: 4º ESO

■ Los surcos del azar

Autor: Paco Roca

📖 Reseña:

A través do testemuño dun republicano exiliado, Paco Roca reconstrúe a historia de "La Nueve", a compañía de soldados españois que participou na liberación de París durante a Segunda Guerra Mundial. Un **cómic documental** imprescindible que recupera unha memoria esquecida, combinando rigor histórico, emoción e humanidade.





NIVEL RECOMENDADO: 4º ESO

Brevísima historia del conflicto entre Israel y Palestina

Autor: Ilan Pappé



Reseña:

Esta obra, escrita por un dos historiadores máis prestixiosos e valentes do noso tempo, ofrece unha visión clara e fundamentada do conflito israelo-palestino. Desde as orixes do nacionalismo sionista no século XIX ata a limpeza étnica planificada de 1948 e a ocupación actual, Pappé denuncia con rigor a vulneración sistemática dos dereitos humanos do pobo palestino. Unha lectura breve pero imprescindible para comprender as raíces dun conflito

